REUNIÓN DA COMISIÓN 7.ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 4 de xullo de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

1.1 10632 (10/CPC-000022)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Ordenación Forestal, por petición propia, para informar do Pladiga
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 21.06.2017

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 6346 (10/PNC-000638)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 6 máis
Sobre o impulso polo Goberno galego do papel do Banco de Terras de Galicia como instrumento esencial no redimensionamento das explotacións agrogandeiras galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017

2.2 8630 (10/PNC-000909)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co control e seguimento dos incendios forestais provocados en Galicia, así como a axilización dos xuízos por esa causa
Publicación do acordo, BOPG n.º 112, do 10.05.2017

2.3 9988 (10/PNC-001036)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar os cometidos e a xestión da Consellería do Medio Rural en materia de sanidade vexetal, a prevención, control e erradicación de pragas, así como as liñas de investigación ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 128, do 14.06.2017

2.4 10471 (10/PNC-001084)
Grupo Parlamentario de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para facer efectivo o cambio a unhas novas dependencias da Oficina Agraria Comarcal de Lalín
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 21.06.2017

Punto 3. Preguntas orais

3.1 4315 (10/POC-001878)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas ao abeiro da convocatoria de axudas para compensar os danos causados polo xabaril publicada o 15 de xullo de 2016, así como as formuladas con posterioridade ao 10 de outubro dese ano e as previsións respecto da súa convocatoria para o ano 2017

3.2 7676 (10/POC-001879)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre o número de controis establecidos en relación co posible transporte de patacas dende a entrada en vigor da súa prohibición, dentro da zona infectada pola couza guatemalteca, e o número de quilos incautados neles

3.3 7754 (10/POC-001880)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación do impacto que vai ter no sector primario de Galicia, nomeadamente no mantemento da política agraria común, a saída do Reino Unido da Unión Europea, as xestións que está a levar a cabo co Goberno central para o seu mantemento, así como a posición que está a defender para minorar o impacto do Brexit

3.4 8628 (10/POC-001881)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre os datos referidos á detención, xuízo, condena e reincidencia de persoas incendiarias en Galicia nos anos 2014, 2015 e 2016

3.5 8636 (10/POC-001882)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre os datos referidos á superficie de terreo agrícola ocupado por plantacións silvícolas en Galicia, principalmente por eucaliptos e piñeirais en masa pura e mixta

3.6 4402 (10/POC-001883)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e 4 máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación de deterioración das augas do encoro dos Peares e a calidade que presentan nos outros encoros do río Miño, a realización de informes ao respecto, así como as súas previsións en relación coa solicitude ás empresas usufrutuarias da realización das análises correspondentes

3.7 4818 (10/POC-001884)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e 2 máis
Sobre os datos referidos aos traballadores propios e adscritos, categorías laborais e tipos de contratos existentes na sociedade mercantil pública autonómica Seaga

3.8 9250 (10/POC-001887)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e 3 máis
Sobre as medidas de prevención e de extinción de incendios forestais postas en marcha polo Goberno galego durante o inverno-primavera 2016-2017, as súas previsións respecto do incremento dos recursos destinados ao colectivo de traballadores que se dedican a esas tarefas, así como a dispoñibilidade de mecanismos específicos para as zonas con especial protección medioambiental

3.9 4373 (10/POC-001928)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre o número de granxas de coellos existentes en funcionamento en cada unha das provincias galegas, os datos referidos á súa produción e facturación, así como o prezo de venda nos últimos doce meses e a porcentaxe de produción galega en relación co total nacional

3.10 5321 (10/POC-001929)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre os datos referidos ao censo de vacas de produción de leite, as explotación e as sociedades agrarias de transformación do sector de produción de leite existentes por concellos, ata o 31 de decembro de 2016, en cada unha das provincias galegas, así como as explotacións que pecharon no ano 2016

3.11 5542 (10/POC-001930)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre os datos referidos ás novas incorporacións á actividade pecuaria

producidas en cada unha das provincias galegas durante o período 2012-2016

3.12 7547 (10/POC-001931)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego destinadas a cumprir o establecido no Acordo para a sustentabilidade do sector lácteo

3.13 7688 (10/POC-001932)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre os datos referidos ás actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego ata o ano 2020 con cargo ao plan específico para fixar poboación no medio rural, dotado con 230 millóns de euros procedentes de fondos europeos para cohesión territorial, innovación e formación, agricultura sustentable, mellora da competitividade, impulso da cooperación e remuda xeracional

3.14 8104 (10/POC-001962)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 5 máis
Sobre a xestión levada a cabo polo Goberno galego en materia de prevención, detección e actuación fronte á gripe aviar, a dispoñibilidade dun protocolo ao respecto e a detección dalgún caso en Galicia

3.15 4692 (10/POC-002067)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos datos referidos ao número total de traballadores ocupados no sector primario, as causas da perda de afiliacións á Seguridade Social e as medidas previstas para frear a destrución de postos de traballo nas comarcas de Terras de Celanova e O Carballiño, así como a creación de emprego no seu sector agrogandeiro

3.16 8078 (10/POC-002087)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre os datos referidos aos incendios forestais producidos na provincia de Ourense no que vai de ano 2017, a súa comparativa cos declarados nos meses de inverno do ano 2015 e as causas da desestacionalización dos lumes, así como as medidas preventivas adoptadas e previstas ao respecto

PARLAMENTO
DE GALICIA

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2017

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 7.ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Moisés Blanco Paradelo	P

Vicepresidente

Daniel Vega Pérez	P

Secretario

José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 10632(10/CPC-000022)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Ordenación Forestal, por petición propia, para informar do Pladiga

Publicación da iniciativa, 132, 21.06.2017

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
19 XUÑ. 2017
Núm. 10632

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
19 XUÑ. 2017
SAIDA
Num. 995

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do director xeral de Ordenación Forestal para informar **"do Pladiga"**.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 6346(10/PNC-000638)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego do papel do Banco de Terras de Galicia como instrumento esencial no redimensionamento das explotacións agrogandeiras galegas

Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2017 16:56
Nº Rexistro: 6346
Data envio: 08/03/2017 16:56:06.560

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Encarna Amigo Díaz** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

Exposición de motivos

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 contén unha análise DAFO que identifica 21 deficiencias que afectan a noso país. Destas 21 deficiencias, hai dúas que están especialmente relacionadas coa estrutura territorial das nosas explotacións:

Deficiencia 09: Debilidade estrutural da agricultura, e D 12: Atomización da produción:

Galicia suma un total de 647.600 ha. de superficie agraria útil. O 98 % das 81.170 explotacións contan con superficie, aínda que a escasa dimensión da SAU e o elevado número de parcelas é unha constante definitoria da estrutura agraria das explotacións galegas. A media por explotación é de 8,2 ha., valor moi inferior a media de España (24,0) ou a da UE27(14,3). Por outra banda, mais do 63% teñen unha SAU inferior a 5 ha. e apenas o 10 % supera as 20 ha. . O elevado número de explotacións e a súa escasa dimensión dificulta o acceso a economías de escala e reduce a capacidade de negociación na comercialización.

O rural galego ten un problema estrutural asociado á escasa dimensión da base territorial das nosas explotacións.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2017 16:56
Nº Rexistro: 6346
Data envio: 08/03/2017 16:56:06.560

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O noso programa de goberno plantexa propostas para acadar un rural multifuncional, vivo e dinámico, respectuoso có medio ambiente e coa paisaxe e onde se desenrole unha produción agro-gandeira de calidade. Para chegar a conseguir o obxectivo de facer do medio rural un lugar axeitado para vivir, e con incremento económico, deberanse conxugar esforzos en varias áreas de actuación.

De maneira sinalada temos que loitar contra as deficiencias estruturais coma as que afectan a escasa base territorial das nosas explotacións. Para elo, faise necesario por en marcha mecanismos de reestruturación e mobilización das terras produtivas.

Neste senso, debemos impulsar os mecanismos recollidos na Lei de mobilidade de terras e a Lei de mellora da estrutura agraria de Galicia (METAGA), aprobadas nas últimas lexislaturas.

O Agader xestiona dende o ano 2012 o Banco de Terras de Galicia, unha ferramenta que se torna vital para facilitar o redimensionamento das explotacións galegas e para favorecer as políticas de xestión da terra como motor económico de Galicia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:
“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a potenciar o papel do Banco de Terras de Galicia como instrumento esencial no redimensionamiento das explotacións agrogandeiras galegas”.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/03/2017 16:48:08

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2017 16:56
Nº Rexistro: 6346
Data envio: 08/03/2017 16:56:06.560

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

José González Vázquez na data 08/03/2017 16:48:18

Raquel Arias Rodríguez na data 08/03/2017 16:48:30

Silvestre Balseiros Guinarte na data 08/03/2017 16:48:38

Moisés Blanco Paradelo na data 08/03/2017 16:48:44

Carlos Gómez Salgado na data 08/03/2017 16:48:51

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/03/2017 16:49:00

Daniel Vega Pérez na data 08/03/2017 16:49:06

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 8630(10/PNC-000909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co control e seguimento dos incendios forestais provocados en Galicia, así como a axilización dos xuízos por esa causa

Publicación do acordo, 112, 10.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:45
Nº Rexistro: 8630
Data envio: 04/05/2017 13:45:37.734

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

A superficie queimada en Galicia a 25 de abril de 2017 é altamente alarmante con case 2.000 ha arrasadas polo lume desde o Nadal.

Os lumes comezaron a facer acto de presenza desde principios de ano aproveitando a seca desta tempada, e como as condicións meteorolóxicas seguen amosando un comportamento anómalo para os parámetros habituais da meteoroloxía, aínda que a normalidade no comportamento meteorolóxico fai tempo que semella haber desaparecido e pouco a pouco as consecuencias do cambio climático van collendo carta de natureza e amosando a súa faciana máis dura e crítica.

Os incendios a estas alturas do ano parece que lamentablemente deixan de ser unha nota pintoresca para pasar a ser un alarmante presaxio do que pode chegar a pasar neste país se non cambian drasticamente as condicións climatolóxicas.

Todos e todas sabemos que se se dan certas circunstancias, como ter unha humidade relativa de menos do 30 %, se a temperatura está por riba dos 30 º, se o vento sopra por riba dos 30 km/h (máxime se é nordés) é a cuadratura perfecta, e tamén se estamos diante dunha tempada de seca onde pasen máis de 30 días sen chover. Con estes elementos conxugados o contexto perfecto para unha vaga de lumes está servido.

Estas circunstancias xúntanse co abandono crecente de amplas zonas do país que propician o crecemento descontrolado de mato, sotobosque e bosque sen ningún tipo de organización. As terras labradas e prados, que noutra hora eran un factor de freo aos lumes, hoxe vense reducidas e invadidas pola maleza, e xa non forman amplos espazos que illan o lume no monte; a este factor súmase o despoboamento e o envellecemento imparable da poboación no medio rural.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:45
Nº Rexistro: 8630
Data envio: 04/05/2017 13:45:37.734

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

A falta dunha organización do espazo e dos usos do chan veñen a incrementar o catálogo de eivas que sementan o panorama favorecedor dos lumes que ameazan con mudar a faciana do país.

Nesta iniciativa queremos tocar outro dos factores que inciden nos lumes: os incendios intencionados.

Dentro desta categoría queremos centrarnos nos intencionados (deixamos de lado os incontrolados involuntarios, nomeadamente queimas autorizadas que por diversas razóns se escapan do control por abandono ou falta das medidas adecuadas para o seu control).

Segundo datos de diversas fontes, preto do 80 % dos lumes que asolan o país son debido a diversas tipoloxías de incendiarios polo que consideramos fundamental o control e o seguimento destes individuos con tan perigosas inclinacións.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

A) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Dotar de máis medios os organismos autonómicos encargados do control e do seguimento dos lumes.

2º) Realizar unha campaña de sensibilización nos centros de ensino.

B) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno do Estado para que:

1º) En coordinación co Ministerio do Interior incremente o control en zonas sensibles ou de grande e reiterada incidencia dos lumes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:45
Nº Rexistro: 8630
Data envio: 04/05/2017 13:45:37.734

Grupo Parlamentario

2º) Dote de máis medios a Xustiza co fin de axilizar os xuízos por incendios.

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 04/05/2017 13:31:42

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/05/2017 13:31:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/05/2017 13:32:01

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 9988(10/PNC-001036)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar os cometidos e a xestión da Consellería do Medio Rural en materia de sanidade vexetal, a prevención, control e erradicación de pragas, así como as liñas de investigación ao respecto

Publicación da iniciativa, 128, 14.06.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2017 17:18
Nº Rexistro: 9988
Data envio: 05/06/2017 17:18:01.592

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

A Comisión Europea divulgou o Informe final de Auditoría realizada entre os días 17 e 28 de outubro de 2016 sobre a avaliación da situación e os controis efectuados contra a denominada praga do "nematodo" do piñeiro, no concello das Neves en Pontevedra.

Dito informe analiza a actuación desenvolta polo órgano competente da administración galega, o servizo de sanidade vexetal da Consellaría do Medio Rural, para o control e erradicación de dita praga e conclúe que as medidas de control só se axustan parcialmente aos requisitos da Decisión 2012/535/UE, en concreto porque se aplicaron demasiado tarde. Engade que se trata dunha longa historia de incumprimentos recorrentes e, por iso, pon en risco o axeitado control da praga.

Esta auditoría é continuación doutras efectuadas en anos anteriores, que xa indicaban moitos problemas que agora se reiteran, por iso as conclusións expresan unha severa advertencia á Consellaría do Medio Rural. Lembremos ademais que os controis establecéronse xa en 2010, coa aparición de piñeiros infectados, e que agora en 2016 houbo unha nova infestación que obriga a estremar os controis.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2017 17:18
Nº Rexistro: 9988
Data envio: 05/06/2017 17:18:01.592

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén das numerosas deficiencias detalladas, que son analizadas criticamente e de xeito ordenado e rigoroso pola auditoría no que atinxe a procedementos e actuacións, interesa tamén destacar que se pon de manifesto a debilidade orgánica e funcional dos servizos de sanidade vexetal da Consellaría do Medio Rural, sen que se poña remedio a esta situación, malia a sensibilidade e importancia das súas competencias.

Na auditoría indícase como moitos dos cometidos son encargados a un medio instrumental, mesmo cunha xestión deficiente difícil de xustificar, posto que a realización dos encargos formais poden mesmo demorarse até medio ano, co que os traballos de campo nin sequera se programan e planifican para seren desenvoltos ao longo de todo o ano, coa debida continuidade. Isto é realmente alarmante, xa que de nada serven programas de prevención, control ou erradicación se a súa execución final se efectúa de forma intermitente, con suspensión da actividade durante amplos períodos, simplemente por falta de xestión dilixente.

Este diagnóstico tamén serve para avaliar a xestión ante a extensión e control da praga da couza da pataca, que se agravou pola demora na tomas das decisións, e a posta en marcha de xeito dubitativo e demorada dos programas de control, sen protocolos claros que evidencian a falta de estruturación deste servizo. A iso debemos engadir a descoordinación con outras áreas da propia administración, principalmente os centros e medios de investigación agraria e forestal, mesmo disgregados entre si, que deberían tamén ter un papel relevante na asesoría e participación na toma de decisións para o control e mellora da sanidade vexetal.

A auditoría citada céntrase na análise de procedementos e medidas de control específicas na praga do nematodo, e moitas das eivas evidentemente teñen un marcado carácter técnico que os profesionais encargados de levar adiante as tarefas terán que emendar e mellorar. Mais, do punto de vista político, o que preocupa e non é admisíbel

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2017 17:18
Nº Rexistro: 9988
Data envio: 05/06/2017 17:18:01.592

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

é advertir que, nunha análise sistemática e comprensiva desa auditoría, así como das críticas expresadas por expertos e afectados no caso da praga da couza da pataca, aparezan problemas estruturais máis intensos que afectan á propia estrutura do órgano encargado da sanidade vexetal. Neste caso hai unha responsabilidade claramente política, pois a dirección da Consellaría do Medio Rural, os seus directivos designados polo Goberno, teñen a obriga de deseñar estruturas orgánicas e administrativas que optimicen recursos e aseguren unha toma de decisións correctas, mais aínda no caso de competencias que poden afectar á saúde dos alimentos e que teñen que dotarse de axilidade e eficacia no seu funcionamento.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a

1º. Actuar decididamente para mellorar os cometidos relativos á sanidade vexetal por parte da Consellaría do Medio Rural, en concreto a través de:

1. Dotar dos medios e recursos precisos aos servizos de sanidade vexetal que permitan actuar de forma sostida no tempo e con axilidade na prevención, control e erradicación de pragas.

2. Ampliar os medios, recursos e dotacións para reforzar as liñas de investigación relacionadas coas pragas vexetais, atendendo as demandas que o centros de investigación agraria e forestal formulen, revertendo a tendencia ao esmorecemento e falta de atención a que foron abocados nestes anos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2017 17:18
Nº Rexistro: 9988
Data envio: 05/06/2017 17:18:01.592

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Xestionar con eficacia e dilixencia as encomendas por parte dos servizos de sanidade vexetal a medios propios que executen os programas na materia.

2º. Impulsar o protagonismo e coordinación dos centros de investigación agraria das administracións con competencias en Galiza, ampliando os recursos e dotacións, fornecendo de estabilidade as liñas de investigación sobre todo en materia de prevención e control de pragas.

3º. Asumir e corrixir de inmediato as conclusións e medidas sinaladas na Auditoría da Comisión Europea realizada en 2016 sobre o control da praga do nematodo do piñeiro, para evitar a propagación. A estes efectos, dotar dun orzamento plurianual que permita afrontar os traballos e cometidos a realizar de forma regular."

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2017 17:18
Nº Rexistro: 9988
Data envio: 05/06/2017 17:18:01.592

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/06/2017 17:15:55

Noa Presas Bergantiños na data 05/06/2017 17:16:02

María Montserrat Prado Cores na data 05/06/2017 17:16:06

Olalla Rodil Fernández na data 05/06/2017 17:16:08

Xosé Luis Bará Torres na data 05/06/2017 17:16:12

Ana Pontón Mondelo na data 05/06/2017 17:16:15

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 10471(10/PNC-001084)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para facer efectivo o cambio a unhas novas dependencias da Oficina Agraria Comarcal de Lalín

Publicación da iniciativa, 132, 21.06.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2017 18:14
Nº Rexistro: 10471
Data envio: 13/06/2017 18:14:22.238

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre a situación na que se atopa a Oficina Agraria Comarcal de Lalín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hoxe, nas Oficinas Agrarias Comarcais da Galiza traballan máis de 300 profesionais entre veterinarias, enxeñeiras agrónomas, enxeñeiras técnicas agrícolas e persoal administrativo divididas nas case 70 oficinas agrarias comarcais distribuídas por todo o país.

Nos momentos actuais de crise dos sectores agro e gandeiros, a Consellería non é quen de, primeiro, dotar de persoal suficiente ás oficinas agrarias comarcais, e, segundo, non ter nunhas condicións dignas as instalacións onde se atopan as súas traballadoras e traballadores.

As traballadoras e traballadores desta OAC están a traballar nunhas instalacións e condicións indignas e deficientes, tanto para elas e eles, como para as usuarias e usuarios que acoden diariamente a ditas instalacións.

As propias traballadores e traballadores xa reemitiron diferentes escritos á Conselleira do Medio Rural, Consellería de Facenda é a Valedora do Pobo, achegando fotos das instalacións, das concentracións, de diferentes incidencias (goteiras) ou o informe de COGAMI.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2017 18:14
Nº Rexistro: 10471
Data envio: 13/06/2017 18:14:22.238

Tamén se remitiu o Informe de Avaliación de Riscos resaltando diferentes incumprimentos e medidas correctoras sen executar.

Actualmente estase a incumprir a normativa relativa á accesibilidade (escaleiras empinadas, ausencia de ascensor, aseos inaccesibles para persoas con discapacidade,...), as instalacións eléctricas están anticuadas (riscos de electricidade, NON saída de incendios, cableado á vista e polo chan,...), a auga de consumo humano non e potable e carecen de auga quente.

O aseo para os empregados/as está moi deteriorado e non existen duchas necesarias para o persoal de campo.

Non existen instalacións para a manipulación de material biolóxico perigoso (e non perigoso).

As condicións higrotérmicas, de iluminación e ventilación están fóra dos rangos establecidos.

A oficina está situada na primeira planta sobre unha panificadora industrial coas conseguintes emisións de fumes, ruídos e vibracións, e colaborando co aumento de temperatura no ambiente.

Por todo o exposto anteriormente o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a facer efectivo o cambio das instalacións da Oficina Agraria Comarcal de Lalín a unhas novas dependencias, xa que estas atópanse nun estado lamentable.

Santiago de Compostela a 13 de xuño de 2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2017 18:14
Nº Rexistro: 10471
Data envio: 13/06/2017 18:14:22.238

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/06/2017 18:10:27

Paula Quinteiro Araújo na data 13/06/2017 18:10:37

Luis Villares Naveira na data 13/06/2017 18:10:45

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3. Preguntas orais

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.1 4315(10/POC-001878)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas ao abeiro da convocatoria de axudas para compensar os danos causados polo xabaril publicada o 15 de xullo de 2016, así como as formuladas con posterioridade ao 10 de outubro dese ano e as previsións respecto da súa convocatoria para o ano 2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:05
Nº Rexistro: 4315
Data envio: 31/01/2017 13:05:36.528

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O xabaril (*Sus scofra)* leva moito tempo entre nós como testemuñan os documentos históricos, esculturas e outros elementos sobranceiros da nosa cultura material e inmaterial.

Este mamífero que ten unha gran capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, encontrou no abandono das terras e do medio rural en xeral o agocho perfecto para a súa expansión. A proliferación do bosque e mato recrean o escenario perfecto para a súa reprodución con tendencia ao crecemento exponencial axudado pola pouca incidencia do único depredador natural que ten: o lobo.

En paralelo ao abandono do rural e o decaemento da actividade agrogandeira a poboación desta especie animal foise empoderando do territorio e entrando en conflito coas actividades do sector primario e mesmo coa circulación viaria.

Os danos xerados en praderías e cultivos (como a pataca, millo e outros cereais) aos que nos derradeiros anos se lle engadiron as desfeitas no viñedo de varias denominacións de orixe son os efectos máis salientables da difícil convivencia entre animais e actividade agrogandeira que en determinados casos e zonas provocan tal impacto negativo que mesmo comprometen a pervivencia do traballo no sector.

Despois de moitos anos sen axudas para compensar os danos xerados polo xabaril nos cultivos, atopamos que no ano 2016 abríronse de novo, aínda que cun carácter temporal restritivo xa que a convocatoria sae o 15 de xullo de 2016, e tivo data de caducidade o 10 de outubro do mesmo ano.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:05
Nº Rexistro: 4315
Data envio: 31/01/2017 13:05:36.528

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Ante esta situación os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantos expedientes de reclamación de danos por desfeitas de xabaril en cultivos se abriron, cantos deles se atenderon positivamente, con indicación da provincia e o concello?

2ª) Cantas peticións por danos de xabaril se rexeitaron, e cales foron as causas principais deses rexeitamentos, con indicación da provincia e o concello?

3ª) Dado que o prazo para acollerse ás axudas remataba o 10 de outubro e os danos do xabaril continuaron logo desa data, seguíronse recibindo solicitudes para o pago de danos provocados polo xabaril?

4ª) No caso de seguir tramitando denuncias por danos a partir do 10 de outubro, cantas se levan recibido, se for o caso, pénsase habilitar algunha partida para facerlle fronte?

5ª) Ten a Consellería un mapa de danos para o territorio galego onde figuren por concello o tipo de cultivos danados e a superficie afectada?

6ª) Vanse volver a abrir as axudas por dano de xabaril para o ano 2017?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 31/01/2017 13:03:25

Jóse Manuel Pérez Seco na data 31/01/2017 13:03:33

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.2 7676(10/POC-001879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o número de controis establecidos en relación co posible transporte de patacas dende a entrada en vigor da súa prohibición, dentro da zona infectada pola couza guatemalteca, e o número de quilos incautados neles

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 12:05
Nº Rexistro: 7676
Data envio: 06/04/2017 12:05:17.084

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

A entrada do novo ano trouxo entre outras moitas cousas a confirmación dunha nova praga en forma de couza guatemalteca que ameaza a unha planta que sen ser orixinaria da península acabou collendo carta de natureza no pais e o seu froito transcendeu do anecdótico para pasar a formar parte da da gastronomía galega, librando da fame a xeracións.

Todos vivimos non sen certo dramatismo os sucesos que primeiro nos anunciaron a presenza da devandita couza, para a continuación escoitar non sen certa incredulidade a posibilidade de que o cultivo da pataca fose prohibido e erradicado de amplas zonas do país. Unha vez pasada a sorpresa inicial e superada a pasividade da Xunta as zonas contaminadas foron declaradas como zonas infestadas onde non se pode cultivar a pataca e onde está sementada hai que arrancalas e por suposto o comercio de patacas que non veñan embolsadas doutras zonas do país ou doutros países.

Dentro deste contexto o xoves día 30 de marzo pola mañá entre os concellos coruñeses de Pontedeume e Cabanas realizouse o primeiro control do transporte de patacas que se vén realizando desde a entrada en vigor da prohibición de mover este produto dentro da zona infestada pola praga da *Tecia solanivora*.

Axentes da policía autonómica, acompañados de técnicos da Xunta, rexistraron uns 40 vehículos (camións, furgóns e coches particulares) e localizaron unha caixa de 20 quilos de patacas, que foron requisadas e depositadas no camión estanco disposto pola Consellería do Medio Rural, para a súa posterior destrución.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 12:05
Nº Rexistro: 7676
Data envio: 06/04/2017 12:05:17.084

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Algo máis tarde, funcionarios autonómicos e efectivos da Garda Civil realizaron unha inspección similar no municipio lucense de Xermade, onde non se atoparon tubérculos.

Ante esta situación, os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cantos controis se levan establecido para facer seguimento ao posible transporte de patacas dentro dos límites marcados pola lei?

2ª) Cantos kg de pataca se levan incautados nos controis da pataca?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 06/04/2017 11:59:47

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/04/2017 11:59:58

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.3 7754(10/POC-001880)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación do impacto que vai ter no sector primario de Galicia, nomeadamente no mantemento da política agraria común, a saída do Reino Unido da Unión Europea, as xestións que está a levar a cabo co Goberno central para o seu mantemento, así como a posición que está a defender para minorar o impacto do Brexit

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 18:10
Nº Rexistro: 7754
Data envio: 06/04/2017 18:10:20.185

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Co motivo da entrada de España na Unión Europea en 1986 iniciouse unha etapa para o rural galego marcada polas directrices que emanan desde Bruxelas e que dalgunha maneira diversos aspectos produtivos.

A gandaría en xeral e o sector lácteo en particular viuse sacudida polas directrices europeas que marcaron o camiño a seguir e o grado de especialización do sector. O mesmo pasou con outro tipo de cabanas gandeiras como o porcino, ovino, caprino, cabalar . . . etc.

O marco legal e as características produtivas quedaron baixo os parámetros europeos non só na gandaría, senón tamén para tódolos aspectos da agricultura (viño, patacas, froiteiras, horta ... etc), silvicultura e medioambiente entre outros.

As ditas directrices pasaron a marcar os parámetros de produción, produtividade e mercado que provocaron unha auténtica reestruturación do sector primario galego e de todo o rural en xeral.

En contraprestación Galicia conta con importantes achegas económicas para adaptar, modernizar e viabilizar o sector primario galego.

O 29 de marzo deste ano, o Reino Unido, convértese no primeiro Estado na historia da Unión Europea que inicia os trámites para abandonar a organización, invocando o artigo 50 do Tratado de Lisboa.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 18:10
Nº Rexistro: 7754
Data envio: 06/04/2017 18:10:20.185

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Ábrese un proceso negociador entre a Unión Europea e o Reino Unido que vai ser longo, complexo e intenso. Aínda que a negociación será bilateral entre a Unión Europea e o Reino Unido, todos os países están desenvolvendo estratexias que minimicen os impactos da saída do Reino Unido, impactos que todo parece indicar que serán negativos para o sector primario galego e para o rural en xeral.

A Política Agrícola Común (PAC) entre outros cambios podería sufrir unha mingua de aproximadamente 3.600 millóns de euros como consecuencia do Brexit que fará que o orzamento comunitario global se reduza en 9.300 millóns de euros.

Por iso, os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten avaliado o Goberno galego o impacto no sector primario galego que vai provocar a saída do Reino Unido da Unión Europea, nomeadamente o mantemento da Política Agrícola Común?

2ª) Está a Xunta de Galicia facendo xestións co Goberno de España de cara á negociación coa Unión Europea para o mantemento da PAC?

3ª) Que xestións e posicións está a defender o Goberno galego para minorar o impacto do Brexit?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 06/04/2017 18:07:27

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/04/2017 18:07:36

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.4 8628(10/POC-001881)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos á detención, xuízo, condena e reincidencia de persoas incendiarias en Galicia nos anos 2014, 2015 e 2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:41
Nº Rexistro: 8628
Data envio: 04/05/2017 13:41:35.856

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A superficie queimada en Galicia a 25 de abril de 2017 é altamente alarmante con case 2.000 ha arrasadas polo lume desde o Nadal.

Os lumes comezaron a facer acto de presenza desde principios de ano aproveitando a seca desta tempada, e como as condicións meteorolóxicas seguen amosando un comportamento anómalo para os parámetros habituais da meteoroloxía, aínda que a normalidade no comportamento meteorolóxico fai tempo que semella haber desaparecido e pouco a pouco as consecuencias do cambio climático van collendo carta de natureza e amosando a súa faciana máis dura e crítica.

Os incendios a estas alturas do ano parece que lamentablemente deixan de ser unha nota pintoresca para pasar a ser un alarmante presaxio do que pode chegar a pasar neste país se non cambian drasticamente as condicións climatolóxicas.

Todos e todas sabemos que se se dan certas circunstancias, como ter unha humidade relativa de menos do 30 %, se a temperatura está por riba dos 30 º, se o vento sopra por riba dos 30 km/h (máxime se é nordés) é a cuadratura perfecta, e tamén se estamos diante dunha tempada de seca onde pasen máis de 30 días sen chover. Con estes elementos conxugados o contexto perfecto para unha vaga de lumes está servido.

Estas circunstancias xúntanse co abandono crecente de amplas zonas do país que propician o crecemento descontrolado de mato, sotobosque e bosque sen ningún tipo de organización. As terras labradas e prados, que noutra hora eran un factor de freo aos lumes, hoxe vense reducidas e invadidas pola maleza, e xa non forman amplos espazos que illan o lume no monte; a este factor súmase o despoboamento e o envellecemento imparable da poboación no medio rural.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:41
Nº Rexistro: 8628
Data envio: 04/05/2017 13:41:35.856

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

A falta dunha organización do espazo e dos usos do chan veñen a incrementar o catálogo de eivas que sementan o panorama favorecedor dos lumes que ameazan con mudar a faciana do país.

Nesta iniciativa queremos tocar outro dos factores que inciden nos lumes: os incendios intencionados.

Dentro desta categoría queremos centrarnos nos intencionados (deixamos de lado os incontrolados involuntarios, nomeadamente queimas autorizadas que por diversas razóns se escapan do control por abandono ou falta das medidas adecuadas para o seu control).

Segundo datos de diversas fontes, preto do 80 % dos lumes que asolan o país son debido a diversas tipoloxías de incendiarios polo que consideramos fundamental o control e o seguimento destes individuos con tan perigosas inclinacións.

Ante esta situación os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cantos incendiarios se detiveron en cada un dos anos 2014, 2015 e 2016?

2ª) Cantos dos detidos tiveron xuízo e cantos foron condenados?

3ª) Cantos xuízos están pendentes?

4ª) Cantos incendiarios dos detidos neses anos son reincidentes?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 04/05/2017 13:36:44

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:41
Nº Rexistro: 8628
Data envio: 04/05/2017 13:41:35.856

Grupo Parlamentario

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/05/2017 13:36:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.5 8636(10/POC-001882)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos á superficie de terreo agrícola ocupado por plantacións silvícolas en Galicia, principalmente por eucaliptos e piñeirais en masa pura e mixta

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 16:33
Nº Rexistro: 8636
Data envio: 04/05/2017 16:33:58.050

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

De todos é coñecida a proliferación de árbores do xénero *eucaliptus* que desde mediados do século XX comezaron a estenderse fundamentalmente pola Galicia costeira de mans da especie do *Globulus*, que pouco a pouco foille ganando terreo a outros xéneros e especies arbóreas autóctonas ata chegar a constituír un auténtico monocultivo forestal que ocupa aprox. 290.000 ha de manchas puras deste xénero, que sumadas ás aprox. 150.000 ha de eucalipto mesturado con caducifolias e piñeiros chega ata ás aprox. 450. 000 ha que ocupa en Galicia, case o dobre do previsto para un horizonte temporal do ano 2032.

As razóns desta eclosión forestal hai que buscalas en varias causas que van desde a gran adaptación dalgunha especie ao clima galego de influencia marítima e a máis recente doutras especies do xénero a climas máis extremos e de altitude. Ademais, o rápido crecemento das distintas especies é un elemento que xoga a favor do eucalipto nunha sociedade que tende a buscar rendementos de xeito inmediato e non é quen de ver máis alá dunha década; e xunto a esta característica está a demanda da industria pasteira e máis recentemente tamén a dos taboleiros.

O desbordamento superficial das previsións sobre as árbores deste xénero tamén é froito da falta e/ou insuficiencia no control e na planificación da política forestal galega do ano 1992. Esa política forestal non soubo prever o impacto de moitas variables que levaron á situación actual que ameaza con descontrolar a planificación forestal, e mesmo dar ao traste coa viabilidade e multifuncionalidade tanto da superficie forestal como do monte e das plantacións dos produtores que aspiran a ter nelas unha fonte de ingresos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 16:33
Nº Rexistro: 8636
Data envio: 04/05/2017 16:33:58.050

Non é suficiente deixar fóra das especies subvencionables ao eucalipto xa que a rapidez no crecemento e o rendemento económico son motores que expanden o cultivo sen aparente contención.

A pesar de que na Lei de 2012 se prohibe plantar eucaliptos en terreo agrícola, nas proximidades das casas, nas marxes dos ríos, en zonas de protección, en manchas forestais de caducifolias, e ter que pedir permiso especial para plantacións de máis de 5 ha., a evidencia da comprobación sobre o espazo xeográfico galego fálanos doutra realidade ben distinta.

En distintos medios relacionados co mundo rural, fálase dunha superficie aproximada de 30.000 ha. de terras agrícolas plantadas principalmente con eucaliptos, vulnerando de plano a Lei de 2012.

Na actualidade os medios tecnolóxicos dos que dispón a Consellería e os distintos organismos e entidades dependentes da Xunta son máis que suficientes para detectar a localización e a superficie que ocupan as masas forestais en terra agrícola e, nomeadamente, as ocupadas polas distintas especies do xénero eucalipto e piñeiro.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Que superficie de terras agrícolas ocupan as plantacións silvícolas, con indicación de superficie por provincia e concello?

2.ª) Cantas ha. de terras agrícolas se corresponden a eucalipto en masa pura e mixta, con indicación de superficie por provincia e concello?

3.ª) Cantas ha. de terras agrícolas se corresponden con piñeirais en masa pura e mixta, con indicación de superficie por provincia e concello?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 16:33
Nº Rexistro: 8636
Data envio: 04/05/2017 16:33:58.050

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2017

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 04/05/2017 16:18:05

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/05/2017 16:18:17

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.6 4402(10/POC-001883)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 4 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación de deterioración das augas do encoro dos Peares e a calidade que presentan nos outros encoros do río Miño, a realización de informes ao respecto, así como as súas previsións en relación coa solicitude ás empresas usufrutuarias da realización das análises correspondentes

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2017 18:17
Nº Rexistro: 4402
Data envio: 01/02/2017 18:17:29.244

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Luis Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os 307,5 Km de lonxitude da canle do río Miño comezaron a experimentar fortes alteracións que cambiaron a faciana do río a partir de mediados do século XX. A construción dos encoros proporcionaron enerxía eléctrica que non serviu para desenvolver o entorno rural e supuxeron a desaparición de especies vexetais e animais, ademais de desprazar a un número importante de habitantes (calcúlase que entre os encoros de Peares e Belesar mergullaron 29 lugares e expulsaron a 1.197 persoas) que vivían a carón do río e dos seus recursos.

Belesar, Peares, Velle, Castrelo e Frieira son os encoros que se foron levantando ao longo do río para a obtención de enerxía eléctrica, pero que tamén teñen unha faciana concretada na desaparición de especies, remate dun modo de vida (o ribeirá), dunha cultura (a fluvial) e co estancamento das augas a conseguinte perda da súa calidade.

Dos cinco encoros existentes sobre o río Miño, o de Peares é o primeiro en entrar en funcionamento o 31 de decembro de 1955; cun muro de contención de 94 m, unha capacidade de encoramento de 182 hm3, unha superficie de 535 ha., e unha lonxitude de cola de 22 Km. Este encoro a continuación do de cabeceira ou regulador (Belesar) mantense case todo o ano nun alto nivel de ocupación hídrica, sendo moi poucas as variacións de nivel, do mesmo xeito que é moi frecuente comprobar como a partir do mes de agosto as súas augas tórnanse verdes como proba do proceso de eutrofización á que están sometidas estas augas encoradas.

Recentemente apareceu publicado nos resultados do Plan Hidrolóxico Nacional unha referencia á calidade das augas deste encoro onde se cualifican como "peor que bo, con serios problemas de sedimentación de fósforo que potencian a proliferación de cianobacterias cun efecto directo na proliferación de algas".

Unha das posibles causas pode vir dun déficit de saneamento das poboacións que directa ou indirectamente verten ao río, pero para saber con exactitude a causa deste deterioro fan falta traballos de investigación e análise para ter resultados claros e poder tomar decisións tendentes ao saneamento das augas do encoro.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2017 18:17
Nº Rexistro: 4402
Data envio: 01/02/2017 18:17:29.244

Ademais dos valores ecolóxicos o río neste tramo é un elemento principal da paisaxe da Ribeira Sacra (zona de forte vocación turística baseada en patrimonio, viticultura e paisaxe), a impronta que produce o río lle da unha personalidade específica constituíndo un elemento inseparable da promoción turística, sendo un perfecto telón de fondo para a paisaxe sobre a que circulan catamaráns e todo tipo de embarcacións de recreo, ademais de bañar o areal da praia fluvial da Cova visitada por centos de bañistas todos os veráns así como outras zonas de baño non recoñecidas.

Ante esta situación os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten o Goberno galego coñecemento da situación de deterioro das augas do encoro de Peares?

2ª) A calidade das augas no resto dos encoros do río Miño ten o mesmo grao de deterioro que en Peares, é boa a calidade da auga nos outros encoros, hai informes e/ou fanse con regularidade sobre a calidade das augas do resto dos encoros do río Miño?

3ª) Vai o Goberno galego solicitar dos usufrutuarios do encoro (Fenosa-GasNatural) a realización das correspondentes análises para determinar con exactitude a calidade da auga do encoro de Peares, no seu caso, ten pensado facer o mesmo para os outros encoros do río Miño?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 01/02/2017 18:12:53

Jóse Manuel Pérez Seco na data 01/02/2017 18:13:03

Maria de la Concepción Burgo López na data 01/02/2017 18:13:13

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/02/2017 18:13:27

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.7 4818(10/POC-001884)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 2 máis

Sobre os datos referidos aos traballadores propios e adscritos, categorías laborais e tipos de contratos existentes na sociedade mercantil pública autonómica Seaga

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2017 10:58
Nº Rexistro: 4818
Data envio: 09/02/2017 10:58:08.487

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco e Noela Blanco Rodríguez deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos Socialistas de Galicia

A empresa pública Seaga (Servizos Agrarios Galegos) que figura na memoria da Consellería como Sociedade Mercantil Pública Autonómica, ten aos seus traballadores divididos en varias categorías laborais, os que teñen unha situación de fixos ao longo de 12 meses son os menos, entorno a 30, pero hai un colectivo duns 500 traballadores de Seaga coa tipificación contractual de fixos descontinuos con só 3 meses de traballo ao longo do ano. Hai que aclarar que tanto os fixos de 12 meses como os fixos descontinuos de 3 meses teñen esa cualificación laboral logo de gañar os respectivos preitos para consolidar a súa condición laboral.

Este colectivo está composto por traballadores/as coa categoría de peón, peón especialista, xefe/a de cuadrilla, capataces e técnicos, que os fai especialmente adecuados para desenvolver tarefas de especial relevancia no rural máis aló dos 3 meses que teñen como período laboral estable ao longo do ano.

A precariedade laboral á que están sometidos os traballadores e traballadoras da empresa pública Seaga é unha situación que non debe seguir prolongándose. A Xunta non pode manter un colectivo tan amplo nunha situación tan precaria dando un pésimo exemplo ao mercado laboral, deixando de lado a un colectivo con alta cualificación, profesionalidade e formación para desenvolver o seu traballo no eido rural

Logo do anuncio por parte do presidente de que a X lexislatura será a lexislatura do mundo rural, en referencia ao grande esforzo que está disposto a facer o Goberno galego para superar as eivas, atrancos e subdesenvolvemento que pesa sobre o sector agrario e espazo rural.

Un dos moitos aspectos que necesitan reforzo nas políticas enfocadas a relanzar o eido rural son as que se refiren á prevención na extinción de incendios, conxuntamente coa limpeza e vixilancia dos montes e outras actuacións máis especificas e/ou selectivas relacionadas cós distintos aspectos produtivos e/ou relacionados co eido rural como tratamentos silvícolas, controis sobre a saúde da superficie forestal, tratamentos de pragas, infraestruturas agropecuarias, conservación, protección de recursos naturais, etc.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2017 10:58
Nº Rexistro: 4818
Data envio: 09/02/2017 10:58:08.487

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Os cometidos e a razón de ser da empresa Seaga son todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestacións en materia agrícola, gandeira e forestal; así como todo o relacionado co desenvolvemento rural, a conservación e a protección do medio natural e tamén a loita contraincendios que na súa vertente de prevención sería clave.

Por todo isto os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita, contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cantos traballadores e traballadoras están adscritos á Sociedade mercantil pública autonómica (Seaga)?

2ª) Cantas categorías laborais e tipos de contratos coexisten en Seaga, e que características ten cada unha delas?

3ª) Cantos traballadores e traballadoras de Seaga se inclúen en cada unha das categorías e contratos?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 09/02/2017 10:34:38

Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/02/2017 10:34:49

Noela Blanco Rodríguez na data 09/02/2017 10:34:57

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.8 9250(10/POC-001887)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 3 máis

Sobre as medidas de prevención e de extinción de incendios forestais postas en marcha polo Goberno galego durante o inverno-primavera 2016-2017, as súas previsións respecto do incremento dos recursos destinados ao colectivo de traballadores que se dedican a esas tarefas, así como a dispoñibilidade de mecanismos específicos para as zonas con especial protección medioambiental

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 16:50
Nº Rexistro: 9250
Data envio: 16/05/2017 16:50:47.884

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, elabora cada ano unha lista dos maiores incendios, nas que por desgraza Galicia sempre ocupa unha posición destacada. En total no ano 2016 foron arredor de 21.112 hectáreas as que arderon na nosa comunidade, practicamente un 78 % máis ca no ano 2015.

O comportamento dos lumes neste 2017 con máis de 2.540 hectáreas (Coruña 923 ha, Ourense 865 ha, Lugo 721 ha.; cun incendio de grandes dimensións como o de Narón con 444 ha) arrasadas polo lume ata mediados do mes de abril apartase do comportamento habitual en canto a superficie afectada, aínda que a existencia de lumes no inverno non é nada novo xa que se utilizaron tradicionalmente para provocar pastos e pasteiros na primavera para a gandaría extensiva nos nosos montes, nomeadamente.

O novedoso deste ano é a gran superficie afectada e os lugares onde se produciron que a parte dos habituais para esta tempada do ano hai que engadirlle outros ámbitos totalmente alleos a esta práctica como as zoas afectadas de ferrolterra ou zoas boscosas na alta montaña lucense como foi a superficie arrasada no Courel ás portas da devesa de Rogeira ou nas paisaxes protexidas e boscosas da Ribeira Sacra.

Ben é certo que un inverno seco, temperaturas altas ao inicio da primavera e baixa humidade ambiental axudan a explicar esta vaga de incendios fóra de tempada, pero non é menos certo que todos eles son incendios que foron presuntamente provocados.

Os medios que anuncia a Xunta de Galicia para previr e loitar contra esta lacra, ou son escasos ou teñen pouca efectividade, ou as dúas cousas á vez por falta de coordinación ou planificación. Así, o persoal segue reclamando estabilidade laboral, un mando único, a preponderancia do público sobre as empresas privadas do sector, e unha adaptación á "desestacionalización" do lume, tendo en conta

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 16:50
Nº Rexistro: 9250
Data envio: 16/05/2017 16:50:47.884

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

que os outonos e invernos con poucas precipitacións viñeron traendo consigo incendios de relevancia fóra da habitual tempada de risco.

Por iso os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que medidas preventivas e de extinción puxo en marcha o Goberno galego durante este pasado inverno/primavera para previr e combater o lume?

2ª) Ten previsto o Goberno galego incrementar os recursos para os colectivos que se dedican á prevención e extinción dos incendios e así mellorar as súas condicións laborais e a resposta diante da desestacionalización do lume?

3ª) Ten o Goberno galego mecanismos de prevención e extinción específicos para as zonas con especial protección medioambiental?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 16/05/2017 16:44:40

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/05/2017 16:44:50

Noela Blanco Rodríguez na data 16/05/2017 16:45:00

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/05/2017 16:45:10

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.9 4373(10/POC-001928)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre o número de granxas de coellos existentes en funcionamento en cada unha das provincias galegas, os datos referidos á súa produción e facturación, así como o prezo de venda nos últimos doce meses e a porcentaxe de produción galega en relación co total nacional

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4373
Data envio: 01/02/2017 14:23:55.353

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O sector da cunicultura, tanto a nivel xeral de España como en Galicia en particular, leva varios anos padecendo unha crise de prezos, e atópase nunha difícil situación económica por non cubrir os gastos de produción.

Como pasa noutros sectores produtivos, a continua banalización do produto nas grandes superficies, onde estas fan financiar ao produtor a súa estratexia comercial, a ausencia de capacidade de negociación dos produtores, a atomización do propio sector, e a ausencia dunha normativa eficaz que verdadeiramente prohiba estas prácticas abusivas fan que moitas explotacións estean en verdadeiro risco de desaparición.

Ante esta situación os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantas granxas, con actividade, hai en cada unha das provincias de Galicia, especificado por concellos?

2ª) Cal é o volume de produción declarado por cada una das granxas sinaladas na pregunta anterior, e de facturación por este concepto?

3ª) Cal é a facturación anual da actividade cunicula en Galicia nos últimos cinco anos?

4ª) Cal é o prezo de venda nos últimos doce meses?

5ª) Cal é a porcentaxe de produción galega con respecto ao total nacional?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4373
Data envio: 01/02/2017 14:23:55.353

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2017

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 01/02/2017 14:20:58

José Antonio Quiroga Díaz na data 01/02/2017 14:21:09

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.10 5321(10/POC-001929)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os datos referidos ao censo de vacas de produción de leite, as explotación e as sociedades agrarias de transformación do sector de produción de leite existentes por concellos, ata o 31 de decembro de 2016, en cada unha das provincias galegas, así como as explotacións que pecharon no ano 2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2017 11:27
Nº Rexistro: 5321
Data envio: 17/02/2017 11:27:40.350

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Non hai moitos anos que na maior parte das casas do rural galego había unha explotación con máis ou menos cantidade de gando vacún, pero dende que desapareceron as cotas de leite, a baixada do prezo do litro do leite e o aumento dos prezos nos alimentos do gando, foron desaparecendo moitas explotacións por non ser rendibles. Outras pecharon pola falla de relevo xeracional, como podería pasar en calquera outro sector.

O sector lácteo é un sector estratéxico para a Comunidade Autónoma de Galicia, xa que estas explotacións de gando vacún atópanse á cabeza da produción de leite de toda España.

O traballo do día a día converte á gandería láctea nunha das actividades capaces de fixar poboación aos núcleos rurais, polo que cantas menos explotacións pechen máis persoas vivirán no rural, a terra estaría cultivada e produciría alimentos tanto para o gando como para o autoconsumo, e non se convertería en terra abandonada co que iso supón para o medio ambiente e para o proceso de desertización que está a ocorrer no rural.

Ante esta situación os deputados que asinan queren coñecer os seguintes datos tomando como data de referencia en todos eles ata o 31 de decembro de 2016.

1ª) Cal é o censo de vacas de produción de leite en cada unha das provincias de Galicia, especificado por concellos ata a data referida anteriormente?

2ª) Cal é o número de explotacións por número de vacas produtoras de leite segundo o tamaño das explotacións, en cada unha das provincias de Galicia, especificadas por concellos?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2017 11:27
Nº Rexistro: 5321
Data envio: 17/02/2017 11:27:40.350

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

3ª) Cantas "explotacións familiares e outras cuxos titulares sexan persoas físicas" de produción de leite, con actividade, hai en cada unha das provincias de Galicia, especificadas por concellos?

4ª) Cantas "explotacións asociativas" de produción de leite, con actividade, hai en cada unha das provincias de Galicia, especificadas por concellos?

5ª) Cantas "SAT (Sociedades Agrarias de Transformación)" de produción de leite, con actividade, hai en cada unha das provincias de Galicia, especificadas por concellos?

6ª) Cantas das explotacións que pecharon no ano 2016 o fixeron por xubilación dos propietarios/as, en cada unha das provincias, especificadas por concellos?

7ª) Cantas das explotacións que pecharon no ano 2016 se agruparon entre elas, en cada unha das provincias, especificadas por concellos?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/02/2017 19:07:13

José Antonio Quiroga Díaz na data 16/02/2017 19:07:24

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.11 5542(10/POC-001930)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os datos referidos ás novas incorporacións á actividade pecuaria producidas en cada unha das provincias galegas durante o período 2012-2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2017 18:13
Nº Rexistro: 5542
Data envio: 22/02/2017 18:13:58.325

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nos últimos tempos vénse dando un problema de relevo xeracional nas explotacións que arrinca de mediados do século pasado cando a industria demandaba importantes continxentes de man de obra que saía masivamente do medio rural e que baleirou boa parte das explotacións, esta nova situación socioeconómica supuxo un primeiro aviso sobre o gran cambio que estaba a piques de se materializar.

Na derradeira década do século pasado a permanencia nas explotacións gandeiras chegou ao seu punto crítico cos efectos do abandono iniciado a mediados de século, e ao consecuente envellecemento da poboación que se empezou a materializar no peche de explotacións e na falla de novos efectivos que se fixeran cargo da actividade agropecuaria.

Son varias as causas que provocan que a actividade agropecuaria teña un serio problema de relevo xeracional. Entre elas cabe citar:

O envellecemento poboacional cunha demografía claramente regresiva é un serio problema estrutural co que se está atopando a actividade agropecuaria e cunha moi difícil solución a curto e medio prazo, pero este aspecto tan relevante vese agravado por outras circunstancias e factores que inciden negativamente.

A falla de autoestima ou baixa valorización do traballo relacionado coa agricultura e gandaría, así como a mesma circunstancia de vivir no lugar ou aldea son outros dos factores que inciden negativamente na permanencia das explotacións e moito máis se falamos de acceder por primeira vez a esta actividade.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2017 18:13
Nº Rexistro: 5542
Data envio: 22/02/2017 18:13:58.325

A escaseza e a falla de servizos en moitos casos vén a incrementar a sensación real das dificultades que implica dedicacións ás actividades agropecuarias e á vida no rural en xeral, nomeadamente se estamos a falar de familias novas e con fillos onde as sensacións de estar padecendo situacións de agravio comparativo cós habitantes do eido urbano é unha realidade contrastable a cotío e que veu a incrementarse cós recortes de servizos básicos a raíz da crise.

A todas estas circunstancias e factores temos que engadir a profunda crise que están a padecer as explotacións agrogandeiras froito do baixo prezo do leite que se asentou nos derradeiros anos fomentada pola dificultade de competir en custos con explotacións doutras latitudes europeas, entre outras razóns pola escasa dimensión superficial das nosas explotacións que se ven na obriga de depender de producións alimentarias que provén doutros países co conseguinte encarecemento dos custos de produción.

Ante esta situación os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cantas novas incorporacións se produciron nos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016 á actividade pecuaria en cada unha das provincias de Galicia, especificadas por concellos?

2ª) Por grupos de idade, en que tramos de idade se sitúan as novas incorporacións de 2016 especificadas por concellos e provincias?

3ª) A que tipo de explotacións polo seu tamaño (unidades gandeiras) se incorporaron, en cada unha das provincias, especificadas por concellos?

4ª) Que nivel e tipo de formación teñen as persoas que se incorporaron no ano 2016, en cada unha das provincias de Galicia, especificados por titulacións?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2017 18:13
Nº Rexistro: 5542
Data envio: 22/02/2017 18:13:58.325

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

5ª) Cantas das novas incorporacións teñen relación familiar coa explotación á que acceden?

6ª) Cantas das novas incorporacións comezan a súa vida profesional no agro nunha nova explotación?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/02/2017 17:47:35

José Antonio Quiroga Díaz na data 22/02/2017 17:47:49

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.12 7547(10/POC-001931)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego destinadas a cumprir o establecido no Acordo para a sustentabilidade do sector lácteo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2017 12:25
Nº Rexistro: 7547
Data envio: 04/04/2017 12:25:01.026

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A situación do sector lácteo en Galicia está a facer moi difícil a sustentabilidade das explotacións. E iso, a pesar de que en España só se produce o 78 % do que se consume (declaracións obrigatorias do sector vacún de leite de maio de 2016), e que Galicia é un territorio onde, as súas condicións naturais, mostran maior disposición para esta produción. Se a esta situación de crise láctea engádese que esta se abate sobre un sector vertebrador e estabilizador dun territorio cun alto nivel de despoboamento poboacional onde o inverno demográfico está a poñer en risco a propia estabilidade territorial, apréciase máis aínda a necesidade de acometer medidas estruturais para o seu mantemento viable.

A raíz do novo escenario de liberalización do mercado imposto pola desaparición en abril de 2015 das cotas lácteas, no primeiros once meses do ano 2016 en Galicia, dun total de algo máis de 9.000 explotacións perdéronse 600 explotacións.

O prezo medio de venda en España vén descendendo desde ao ano 2013, e a pesar das medidas adoptadas pola Comisión, aínda non mostra ningunha tendencia á recuperación.

A situación do lácteo na cornixa cantábrica é algo máis ca un problema rexional. Estase ante unha verdadeira cuestión territorial de Estado. No mes de setembro de 2015 e despois de fortes presións dos gandeiros asinouse o “Acordo para a sustentabilidade do sector lácteo” que segundo a ministra era absolutamente positivo e traería beneficios aos gandeiros españois.

O acordo pretendía establecer un prezo sustentable para cada elo da cadea de valor do sector lácteo, que cubrise custos para gandeiros, industria e distribución pero non deseñaron as ferramentas adecuadas para iso, como xa está claramente probado, e ao tempo o Ministerio rexeitou incluír no acordo un réxime sancionador, polo que non hai garantía de cumprimento do acordo.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2017 12:25
Nº Rexistro: 7547
Data envio: 04/04/2017 12:25:01.026

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

O resultado do acordo está a resultar insatisfactorio, tanto para o sector lácteo en xeral como en particular para os gandeiros de Galicia.

Por iso, os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego incorporar garantías de cumprimento do acordo lácteo, dotándoo de carácter normativo e incorporando nel un réxime sancionador?

2ª) Ten previsto o Goberno galego establecer uns parámetros obxectivos e avaliables de forma transparente e indefectible que permitan evidenciar o establecemento polos operadores dun prezo "sustentable" para cada elo da cadea de valor?

3ª) Que medidas de publicidade e transparencia vai adoptar o Goberno galego para que os prezos de cesión, a que compran industria e distribución, se poidan coñecer en todos os ámbitos afectados puntualmente?

4ª) Vai o Goberno galego establecer algún tipo de baremo que permita un tratamento igual para as calidades en todas industrias?

5ª) Ten previsto o Goberno galego, no marco das súas competencias, regular a figura obrigatoria do Mediador que sirva para resolver disputas cando gandeiros e industria non cheguen a un acordo na negociación?

Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2017 12:25
Nº Rexistro: 7547
Data envio: 04/04/2017 12:25:01.026

Grupo Parlamentario

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/04/2017 12:04:41

José Antonio Quiroga Díaz na data 04/04/2017 12:04:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.13 7688(10/POC-001932)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os datos referidos ás actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego ata o ano 2020 con cargo ao plan específico para fixar poboación no medio rural, dotado con 230 millóns de euros procedentes de fondos europeos para cohesión territorial, innovación e formación, agricultura sustentable, mellora da competitividade, impulso da cooperación e remuda xeracional

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 13:10
Nº Rexistro: 7688
Data envio: 06/04/2017 13:10:53.135

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O despoboamento no rural galego nos últimos anos está producindo un desequilibrio territorial moi importante ao concentrarse a poboación na Galicia costeira e nomeadamente nas cidades, nos seus contornos urbanos e no sistema urbano intermedio, deixando un amplo territorio en proceso de avellentamento demográfico e consecuente abandono.

Este despoboamento vese potenciado polo comportamento demográfico cun crecemento vexetativo negativo, xunto a unha clara asimetría de servizos que provoca condicións de vida con claro agravio comparativo respecto dos que viven no ámbito urbano, factores aos que se lle suma unha baixa xeración de emprego que expulsa ás persoas máis novas.

Poñer en marcha políticas transversais que teñan como obxectivo superar as eivas e pexas que lastran o desenvolvemento dos sectores produtivos ligados ao mundo rural, e que alicercen unhas condicións de vida que favorezan o crecemento socioeconómico e cultural no rural é un obxectivo a acadar coa categoría de preocupación principal para Galicia.

Recentemente tivemos coñecemento da elaboración dun plan específico por parte da Xunta de Galicia para fixar poboación no rural dotado con 230 millóns de euros procedentes de fondos europeos a través de 23 medidas encardinadas en seis grandes eixes.

Por todas estas razóns e debido á importancia do orzamento disposto e do obxectivo que se propón, os deputados que asinan preguntan:

1ª) Que actuacións vai poñer en marcha o Goberno galego cos 72 millóns de euros procedentes dos fondos europeos para cohesión territorial, con especificación da cantidade anual investida por medida e por ano ata o 2020?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 13:10
Nº Rexistro: 7688
Data envio: 06/04/2017 13:10:53.135

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

2ª) Que actuacións vai poñer en marcha o Goberno galego cos 10,3 millóns de euros procedentes dos fondos fondos europeos para innovación e a formación, con especificación da cantidade anual investida por medida e por ano ata o 2020?

3ª) Que actuacións vai poñer en marcha o Goberno galego cos 35,5 millóns de euros procedentes dos fondos europeos para a agricultura sustentable, con especificación da cantidade anual investida por medida e por ano ata o 2020?

4ª) Que actuacións vai poñer en marcha o Goberno galego cos 41 millóns de euros procedentes dos fondos europeos para a mellora da competitividade, con especificación da cantidade anual investida por medida e por ano ata o 2020?

5ª) Que actuacións vai poñer en marcha o Goberno galego cos 7 millóns de euros procedentes dos fondos para o impulso da cooperación, con especificación da cantidade anual investida por medida e por ano ata o 2020?

6ª) Que actuacións vai poñer en marcha o Goberno galego cos 65 millóns de euros procedentes dos fondos para a remuda xeracional, con especificación da cantidade anual investida por medida e por ano ata o 2020?

Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/04/2017 13:08:44

José Antonio Quiroga Díaz na data 06/04/2017 13:08:54

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.14 8104(10/POC-001962)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 5 máis

Sobre a xestión levada a cabo polo Goberno galego en materia de prevención, detección e actuación fronte á gripe aviar, a dispoñibilidade dun protocolo ao respecto e a detección dalgún caso en Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2017 18:07
Nº Rexistro: 8104
Data envio: 19/04/2017 18:07:59.768

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz, Noela Blanco Rodríguez, Luis Manuel Álvarez Martínez e Mª Dolores Toja Suárez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Logo da constatación da presenza na península ibérica (nomeadamente en Cataluña onde tamén se tivo que recorrer ao sacrificio de milleiros de aves) da gripe aviar procedente de Francia, onde o virus H5N8 foi o causante da eliminación de millóns de aves, as posibilidades de que acabe chegando ao noroeste peninsular son reais. A situación evidencia un problema tanto no contexto do medio rural como en termos de saúde pública.

A aplicación do protocolo do ministerio por parte da Consellería de Medio Rural así o evidencia, cando se pide o reforzo de medidas para os 30 concellos afectados en Galicia. Neste protocolo inclúese a sinalización de zonas de especial risco pola confluencia de humidais periodicamente visitados por aves migratorias que facilmente puideran trasladar o virus, e a presenza de aves de curral en explotacións domésticas, así como as pequenas, medianas e grandes con vocación mercantil. Esta situación amosa a existencia dun problema que é necesario afrontar, e que tamén debera estar en previsión por parte do Goberno galego.

En termos de saúde pública cabe apuntar que o virus H5N8 non ten afectación en humanos, o que supón un maior e mellor control da situación acaída. A pesares desta cuestión, noutros lugares afectados coa gripe aviar, como no caso de China, o virus mutou cara a variación denominada H7N9, que se é perigosa para os humanos e que no país asiático causou case 100 mortes no que vai de ano 2017.

No que afecta ás cuestións do medio rural especificamente, a relevancia das aves de curral dentro do sector primario é ben coñecida, tanto en relación ás granxas e explotacións mercantís, como no hábito no medio

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2017 18:07
Nº Rexistro: 8104
Data envio: 19/04/2017 18:07:59.768

rural de dispor, por parte de moitas familias ao longo de todo o rural galego, destas aves de coidado particular e normalmente destinadas ao autoconsumo.

O anuncio da posta en marcha do protocolo que pasa pola vixilancia e a actualización do censo de galiñeiros domésticos nas zonas de especial risco é unha tibia mostra de resposta. O último censo agrario, segundo é coñecido para os concellos afectados nestas zonas sinaladas, é de 2009, non habendo avances nese sentido dende aquela. Esta ineficacia de control preventivo obriga agora aos propietarios a ser os máximos garantes do protocolo de control, pois a Administración non ten capacidade de ter control sobre a situación ao non dispor de datos actualizados, limitándose por tanto a servir de apoio aos propietarios que deben actualizar os seus datos de maneira individual. Non existe tampouco, polo tanto, un indicador exhaustivo de eficacia na actualización do rexistro censal de aves.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Considera o Goberno galego que ten actuado con eficiencia na prevención, detección e actuación fronte á gripe aviar?

2.ª) Por que o Goberno galego non tivo previsión de posibles complicacións e non mantivo actualizado o censo de aves de curral dende 2009?

3.ª) Como pretende garantir o Goberno de Galicia o control real, rigoroso e exhaustivo do censo de aves de curral que se iniciou co protocolo do Ministerio de Medio Rural?

4.ª) Está o Goberno galego realizando algunha acción máis que facilitar e recoller os impresos para que os propietarios actualicen os seus propios datos?

5.ª) Dende cando se están aplicando os protocolos do ministerio?

6.ª) Ten o Goberno galego un protocolo establecido para actuar eficientemente no caso de ser detectado unha mutación do virus, unha afectación en persoas ou un contaxio a aves doutros concellos e zonas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2017 18:07
Nº Rexistro: 8104
Data envio: 19/04/2017 18:07:59.768

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

7.ª) Hai constancia dalgún caso de gripe aviar en Galicia?

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
José Manuel Pérez Seco
José Antonio Quiroga Díaz
Noela Blanco Rodríguez
Luis Manuel Álvarez Martínez
Mª Dolores Toja Suárez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/04/2017 18:05:05

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/04/2017 18:05:13

José Antonio Quiroga Díaz na data 19/04/2017 18:05:22

Noela Blanco Rodríguez na data 19/04/2017 18:05:26

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 19/04/2017 18:05:31

María Dolores Toja Suárez na data 19/04/2017 18:05:35

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.15 4692(10/POC-002067)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos datos referidos ao número total de traballadores ocupados no sector primario, as causas da perda de afiliacións á Seguridade Social e as medidas previstas para frear a destrución de postos de traballo nas comarcas de Terras de Celanova e O Carballiño, así como a creación de emprego no seu sector agrogandeiro

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 17:40
Nº Rexistro: 4692
Data envio: 07/02/2017 17:40:34.019

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, **Raúl Fernández Fernández**, **Julio Torrado Quintela**, **José Manuel Pérez Seco** e **José Antonio Quiroga Díaz**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Dende o ano 2009 o número total de traballadores e traballadoras ocupadas no sector primario en Galicia reduciuse nun 21 %, caendo segundo datos do IGE, dende as 73.823 ata as 58.271 rexistradas o 31 de decembro de 2016.

O descenso foi especialmente acentuado ata decembro de 2013 (12.500 menos en só catro anos), pero a destrución de emprego, aínda que ralentizada, non se detivo dende entón, con tres mil afiliacións menos nos últimos tres anos.

A situación dos dous últimos anos tampouco é boa. O descenso no número de afiliacións é menor, pero continúa. De feito, 47 das 53 comarcas seguiron a perder empregos no sector primario.

O peso no emprego do sector primario pasou do 6,7 % en decembro de 2014, ao 6,4 % en decembro de 2015 e ao 6,2 % en decembro de 2016.

En nove comarcas, todas do sur de Galicia, a destrución de postos de traballo superou o 30 %, sendo esta especialmente dramática nos casos de Terra de Celanova, cun descenso do 44,93 %, e O Carballiño, cunha perda de postos de traballo do 38,48 %.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos do número total de traballadores e traballadoras ocupadas no sector primario en Galicia?
2. Cal cre o Goberno galego que son as causas da perda de afiliacións a Seguridade Social no sector primario na nosa Comunidade Autónoma?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 17:40
Nº Rexistro: 4692
Data envio: 07/02/2017 17:40:34.019

3. Que medidas vai poñer en marcha o Goberno galego para frear a destrución de postos de traballo nas comarcas de Terras de Celanova e O Carballiño?
4. Cal é o cronograma de posta en marcha desas medidas?
5. Como ten previsto o Goberno galego potenciar a creación de postos de traballo no sector agrogandeiro nas comarcas de Terras de Celanova e O Carballiño?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
José Manuel Pérez Seco
José Antonio Quiroga Díaz
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 07/02/2017 17:36:56

Raúl Fernández Fernández na data 07/02/2017 17:37:06

Julio Torrado Quintela na data 07/02/2017 17:37:13

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/02/2017 17:38:15

José Antonio Quiroga Díaz na data 07/02/2017 17:38:40

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.16 8078(10/POC-002087)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre os datos referidos aos incendios forestais producidos na provincia de Ourense no que vai de ano 2017, a súa comparativa cos declarados nos meses de inverno do ano 2015 e as causas da desestacionalización dos lumes, así como as medidas preventivas adoptadas e previstas ao respecto

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2017 11:08
Nº Rexistro: 8078
Data envio: 19/04/2017 11:08:28.789

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, elabora cada ano unha lista dos maiores incendios, nas que por desgraza Galicia sempre ocupa unha posición destacada. En total no ano 2016 foron arredor de 21.112 hectáreas as que arderon na nosa comunidade, practicamente un 78 % máis ca no ano 2015, e dez veces máis cas arrasadas en 2014.

O pasado ano acaparamos un terzo das referencias, e dos 22 incendios forestais que superaron o limiar máis elevado en toda España, oito localizáronse na nosa comunidade: tres na Coruña, un en Pontevedra e catro en Ourense, a provincia peor parada. Segundo datos oficiais do Magrama, máis da metade das 21.000 hectáreas queimadas en Galicia durante o ano 2016, case 11.400 situáronse na provincia de Ourense, que concentrou catro dos oito grandes incendios forestais dese ano, os superiores a 500 hectáreas. Neses catro episodios, en Entrimo, Cualedro, Oímbra e Muíños, arderon 6.698 hectáreas.

As causas son varias e os lumes xa non só son cousa do verán. O inicio deste 2017 foi unha boa mostra desa desestacionalización dos incendios, xa que tras un inverno no que só en Ourense arderon unhas 400 hectáreas de monte, en xaneiro a media foi de catro lumes o día. As temperaturas atípicas para esta época do ano e a falta de choivas forman parte das causas naturais, pero tamén están as intencionadas.

Nun contexto no que só nunha fin de semana tres municipios da provincia de Ourense rexistraron incendios que suman máis de 150 hectáreas queimadas, dende o 10 de abril e "ata novo aviso" o Goberno galego decidiu prohibir as queimas agrícolas e forestais controladas por mor da previsión de altas temperaturas e fortes ventos.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2017 11:08
Nº Rexistro: 8078
Data envio: 19/04/2017 11:08:28.789

Os medios que anuncia a Xunta de Galicia para previr e loitar contra esta lacra, ou son escasos ou teñen pouca efectividade, ou ambas as cousas á vez por falta de coordinación ou planificación. Así, o persoal segue reclamando estabilidade laboral, un mando único, a preponderancia do público sobre as empresas privadas do sector, e unha adaptación á "desestacionalización" do lume, tendo en conta que os outonos e invernos con poucas precipitacións viñeron traendo consigo incendios de relevancia fóra da habitual tempada de risco.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cantas foron, segundo datos do Goberno galego, o número de hectáreas calcinadas polas lapas na provincia de Ourense no que vai de ano?

2ª) A respecto do ano 2015, cal foi a evolución durante os meses de inverno (incremento ou diminución) do número de hectáreas afectadas polo lume na provincia de Ourense?

3ª) Á vista dos datos, considera a Xunta de Galicia que se están incrementando durante os meses de inverno o número de incendios na provincia de Ourense?

4ª En caso afirmativo, cales poden ser as causas desta desestacionalización dos lumes?

5ª) Tendo en conta o fenómeno de desestacionalización dos lumes, a necesaria toma de medidas de prevención durante os meses de inverno, e a alta incidencia dos lumes na provincia de Ourense, ten previsto o Goberno galego mellorar a estabilidade laboral do persoal, dedicado á prevención e extinción de incendios neste territorio?

6ª) Tendo en conta o fenómeno de desestacionalización dos lumes, a necesaria toma de medidas de prevención durante os meses de inverno, e a alta incidencia dos lumes na provincia de Ourense, ten previsto o Goberno galego incrementar o número de efectivos dedicado á prevención e extinción de incendios nese territorio?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2017 11:08
Nº Rexistro: 8078
Data envio: 19/04/2017 11:08:28.789

Grupo Parlamentario

7ª) Que medidas preventivas puxo en marcha a Xunta de Galicia durante este pasado inverno nas áreas con protección medioambiental da provincia de Ourense?

Pazo do Parlamento, 18 de abril de 2017

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 19/04/2017 10:46:00

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/04/2017 10:46:09

Raúl Fernández Fernández na data 19/04/2017 10:46:16

María Luisa Pierres López na data 19/04/2017 10:46:25

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es